

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 27 DE XULLO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e sete de xullo de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia da Excm. Sra. alcaldesa, Sra. D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ reúnen, por medios presenciais, os concelleiros e concelleiras: D. ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, D. RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ, D.^a MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO, D. JAVIER VÁZQUEZ PRADO, D.^a FLORA RUBINOS ROIS, D.^a SILVIA COLMENERO GUZMÁN, D. AGUSTÍN GALLEGO VIGO, DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY e asiste a concelleira non adscrita, D.^a MARÍA REIGOSA CASTRO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado, e asisten á sesión o secretario xeral do Pleno, don Pablo Portela Fernández, por suplencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA, MEDIO AMBIENTE, XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

1. PERSOAL.- Aprobáronse as designacións dos membros dos tribunais cualificadores dos procesos selectivos para o acceso en propiedade a:

- 1 praza de técnico/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OPE 2023).
- 1 praza de técnico/a medio/a de xestión pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OPE 2023).

- Tamén se aprobou o nomeamento de dúas funcionarias de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar prazas de técnicas medias de xestión (Grupo A (Subgrupo A2); escala: Administración Xeral; subescala: Xestión).

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Aprobouse a adxudicación da subministración dun Dumper de obra, para o recinto do Cemiterio municipal de San Froilán (Exp. 2026/C004/000010).

3. FOMENTO.- Aprobouse o convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e o Excmo. Concello de Lugo para a adhesión á rede EUSUMO co obxecto de fomentar o cooperativismo e a economía social.

Fóra da orde do día e tras a declaración de urxencia previa, adoptáronse os seguintes acordos:

- Aprobouse a delegación de competencias no tenente de alcaldesa delegado da Área de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos dos expedientes dos concursos de deseño gráfico do cartel de San Froilán miúdo e de adultos.

- Aprobouse o Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 do Excmo. Concello de Lugo.

- Aprobouse o modelo normalizado de Convenio vinculado á tramitación de subvencións nominativas previstas no Orzamento municipal do Excmo. Concello de Lugo, para o ano 2026.

- Aprobouse a segunda modificación do texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo, o Excmo. Concello de Lugo, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Asociación Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo, para a concesión directa dunha subvención, instrumentada a través dun convenio de colaboración, destinada ao financiamento dos gastos da execución das obras de legalización, reforma e ampliación dun centro de recollida e albergue para animais domésticos sito no lugar de Codesido-Parroquia de Muxa.

- Acordouse aprobar o expediente de contratación da obra de renovación de pavimento en Campo Castelo, así como o proxecto de obra, o prego de cláusulas administrativas, e o gasto e apertura do procedemento aberto simplificado. (Exp. Ref. 2026/C002/000016).

- Acordouse aprobar a adxudicación da renovación integral da pista de atletismo no Estadio de atletismo "Gregorio Pérez Rivera". Exp. Ref. 2026/C002/000013.

- Acordouse aprobar o expediente de contratación da renovación de pavimentos na Rúa Nova, así como o proxecto de obra, o prego de cláusulas administrativas, e o gasto e apertura do procedemento aberto simplificado. Exp. Ref. 2026/C002/000017.

Asinado dixitalmente polo secretario xeral do Pleno, don Pablo Portela Fernández, por suplencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e o tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado.